


CÓMICS, Enrédate




Nómades, Xosé Tomás. Unha visión da emigración a través de historias de mulleres. Cada capítulo céntrase nunha protagonista que vai dun lugar a outro. Hai unha muller que cruza o estreito e chega a un lugar como España, outra que podería ser cubana e que chega para traballar como médica...

Punto de fuga, Miguel Cuba. Mateo podería ser un mozo calquera da súa xeración, que observa a sociedade con ollada crítica, mais aínda así non perde a esperanza de atopar o seu lugar no mundo. Prólogo de Miguelanxo Prado.



Stratos, Miguelanxo Prado. Historias breves que reflicten, en clave de ciencia ficción, a loucura cotiá da nosa civilización tan marcada polo capitalismo e os estratos sociais.

A conta atrás, Carlos Portela/ Sergi San Julián. Novela gráfica para adultos baseada na catástrofe do Prestige. Transcorreu un ano dende a marea negra. Otero, conselleiro do goberno autonómico, presenta aos medios de comunicación unha campaña propagandística que anuncia a limpeza total das praias e a recuperación do sector pesqueiro...



Persépole, Marjane Satrapi. Este é un percorrido pola historia recente de Irán dende os ollos da nena Marjane Satrapi, testemuña directa do cambio social e político que azouta o país e que a levará a abandonalo.

□ Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas, Xurxo Mariño Alonso. Terás ocasión de ver moitas cuestións propias da vida común, tratadas dende unha perspectiva científica.

<http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dados.pdf/>



Guía de lecturas Nadal 2011 2º Ciclo ESO e Bacharelato

2011 Centenario do nacemento de
Álvaro Cunqueiro



A TODO ESTO

Qué fue de los deberes humanos

Ofrezco la palabra
Mucho se habla de derechos
humanos

Poco

Nada casi de los deberes humanos:
Primer deber humano
Respetar los Derechos Humanos.

Nicanor Parra

Gañador do Premio Cervantes 2011



BO NADAL E VENTUROSO ANO NOVO

Non marches de vacacións sen pasar pola Esperela, énchete de agasallos lectores. Podes levar ata tres documentos.

www.biblioesperela.blogspot.com
aesperela@gmail.com
IES O Mosteirón (Sada)




Gretchen preocupase, Christine Nöstlinger.

Gretchen ten quince anos, deixou atrás os problemas de exceso de peso e converteuse nunha adolescente moi atractiva. Afronta a separación dos seus pais con serenidade e madurez, mentres que o seu irmán ten un comportamento estraño que ten preocupada a Gretchen...

Ata que o saibas todo, Juan Cruz Igerabide

O pai de Esther foi detido como sospeitoso dun desfalco millonario no banco onde traballa. A súa nai tamén é buscada pola policía como cómplice. Nos peores días da vida de Esther, alumna invidente dun instituto do País Vasco, os seus amigos de clase convértense nos seus mellores aliados para superar o mal trago...



La vieja sirena, J. Luis Sampedro. Exipto s. III. Época de cambios e confusión. Dous grandes imperios, romano e persa, inician unha lenta decadencia. A protagonista, envolta na súa beleza e misterio, percorrerá un apaixonante camiño ata chegar a Alejandría, alí dous homes marcarán o seu destino.

Cuentos españoles de terror, VVAA

Selección de contos do xénero de terror, onde están presentes os autores españois máis destacados: Alarcón, Bécquer, Pardo Bazán,...



Merlín e familia, Álvaro Cunqueiro. Neste libro aparece o mago don Merlín, fillo de solteira e de nación allea, vivindo na casa de Miranda. Alí acoden xentes de todo o mundo para consultar con el. Mesmo se fala aquí de moitos prodixios, como o do quitasol branco, o amarelo e o colorado.

La vuelta al mundo de un forro polar rojo, W. Korn. Segue os pasos dun forro polar para coñecer o que se agocha detrás da globalización, a inxustiza que domina o comercio mundial. Podemos ser mais críticos.



Palabras envenenadas, Maite Carranza. Que pasou con Bárbara Molina?. Unha chamada a un móbil pon patas arriba o destino de moitas persoas. Unha denuncia valente dos abusos sexuais infantís, as súas consecuencias e a súa invisibilidade neste mundo benpensante noso.

Non hai noite tan longa, A. Fernández Paz. Esta obra propón unha mensaxe de confianza no futuro e na recuperación da dignidade das persoas. Unha novela que non ha deixar a ninguén indiferente, chamada a converterse nun clásico do noso tempo.




Juego de tronos. Canción de hielo y fuego I. G. R.R. Martin. Nun mundo cuxas estacións poden durar decenios e no que a maxia inmemorial e esquecida xorde nos rincóns máis sombríos e maravillosos, a traición e a lealdade, a compaixón e a sede de vinganza, o amor e o poder fan desta obra unha poderosa trampa que ha de atraparvos ata o final.



Lois Pereiro: Breve encontro, Jacobo Fernández Serrano. Un achegamento comiqueiro á biografía e á obra do poeta, pasando pola súa infancia, adolescencia e vida adulta.

Settecento, Marcos Calveiro. Venecia 1739 coma nun teatro barroco álzase o pano deste melodrama para música no que todos os personaxes semellan agochar sentimentos e intencións tras unha branca máscara de Entroido. Un intrigante e vertixinoso relato no que fica o segredo dunha historia de culpa e redención, de amor e desexo, de loita e resignación.



Deshielo a Mediodía. Tomas Tranströmer. Premio Nobel de literatura 2011. Os poemas recollidos nesta obra permítennos achegarnos ao máis fondo dunha imaxinación desbordante, admirable...Estes poemas amósannos un dos mellores poetas dos últimos tempos.